

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de lacería e pola expedición de documentos relativos á posesión e custodia de animais de compañía.**Artigo 1.- Fundamento e réxime.**

Este Concello, conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dacordo co previsto no artigo 20.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido da Lei de facendas locais, establece a taxa pola prestación do servizo de lacería e pola expedición de documentos relativos á posesión e custodia de animais de compañía, que se regulará pola presente ordenanza.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións esixidas polo ordenamento xurídico para a concesión da licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos, renovación, tramitación, control e custodia da mesma, e aqueles outros servizos que se recollen no artigo 6 desta Ordenanza.
- b) A prestación do servizo de lacería para a recollida de animais perdidos ou abandonados.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que soliciten, provoquen ou resulten beneficiadas pola tramitación ou expedición dos documentos a que se refire o artigo 2a), ou pola prestación do servizo ó que se refire o artigo 2b).

Artigo 4. Devengo

A obrigaçión de contribuír nace coa solicitude da expedición do documento, ou co documento mesmo, do que vaia entender a Administración municipal, sen que se inicie a actuación ou o expediente ata que se efectúe o pago xunto coa solicitude, co carácter de depósito previo.

No caso de prestación do servizo de lacería, a obriga de contribuir nacerá no momento no que o suxeito solicite a recuperación do animal, ou, cando pola propia administración municipal, se identifique o propietario do animal extraviado ou abandonado. Neste segundo caso, instruírase, se procede, o expediente sancionador correspondente.

Artículo 5. Responsables

1. Serán responsables solidarios das obrigaçións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios das obrigaçións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 6. Tarifas.

1.- Licenza de animais potencialmente perigosos:	25,00 euros
2.- Inscripción rexistro de animais potencialmente perigosos	20,00 euros
3.- Ficha identificativa individual	0,60 euros
4.- Renovación de licenzas	12,00 euros
5.- Cancelación rexistral	6,00 euros
6.- Servizo de lacería	152,00 euros

Artigo 7. Infraccións e sancións.

En todo o relativo ós expedientes e calificacións de infraccións, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na ordenanza municipal reguladora da posesión e custodia de animais de compañía publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 170, de 24/7/2007.

No caso de infracción e sancións tributarias, estarase ó disposto na lexislación vixente en cada caso.

Disposición adicional única.

Quedan excluídos da obriga de obtención da licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados a guía de personas invidentes.

Disposición final

A presente ordenanza entrar en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello de Cerceda.